

ESTREA EN NUMAX: 05.02.2016 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Carol (2015, 118')

Dirección: Todd Haynes

Guión: Phyllis Nagy, Patricia Highsmith (novela)

Reparto: Cate Blanchett, Rooney Mara, Sarah Paulson, Kyle Chandler, Jake Lacy, Cory Michael Smith, Carrie Brownstein, John Magard, Kevin Crowley

Montaxe: Affonso Gonçalves

Dirección de arte: Jesse Rosenthal

Son: Nigel Maxwell

Música: Carter Burwell

Fotografía: Edward Lachman

Vestuario: Sandy Powell

Produtora: Film4, Number 9 Films (Reino Unido), Killer Films (EEUU)

Distribuidora: Vertigo Films

Formato de proxección: DCP 4K, 1.85:1

FESTIVAIS E PREMIOS

Oscar 2016, nominado á mellor actriz principal (Cate Blanchett), mellor actriz de reparto (Rooney Mara), mellor guión e adaptación (Phyllis Nagy), mellor fotografía (Edward Lachman), mellor vestuario (Sandy Powell), mellor banda sonora orixinal (Carter Burwell). Cannes 2015, gañador á mellor actriz (Rooney Mara) e a Palma Queer. Chicago International Film Festival 2015, gañador ao mellor filme.

FILMOGRAFÍA

I'm Not There, 2007

Lejos del cielo, 2002

Safe, 1995

Veneno, 1991

Superstar: The Karen

Carpenter Story, 1987

SINOPSE

Nova York, principios dos anos cincuenta. É Nadal e Therese Belivet é unha moza sen moitos recursos que traballa temporalmente nunha xoguetería de Manhattan. Ten un mozo, Richard, ao que realmente non quere e que a pasea en bicicleta. Todo cambia cando aparece na súa vida Carol Aird, unha distinguida muller de clase alta que permanece á sombra do seu marido co que ten unha filla e un matrimonio que aborrece.

«Obra cremosamente sensual, esplendidamente observada, xenerosamente detallada e amoblada. Entrei en trance véndoa e aínda non saín de todo del»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



CAROL

[Todd Haynes, 2015]

Entrevista a Todd Haynes

Por Ryan Gilbey

Estivo vostede moi atento á hora de roubar de *Breve encuentro* o comezo para *Carol*, onde a parella principal é vista en público por un personaxe menor. Si, sempre estou atento para roubar calquera cousa (...). *Breve encuentro* veume á cabeza cando lin o guión. O libro e o primeiro borrador eran completamente lineais pero déronme en pensar sobre o punto de vista —e isto desencadeou unha serie de cuestións en min—. Coido que a historia de amor en *Carol* pode distinguirse do melodrama clásico que asociamos con Douglas Sirk pola cuestión do punto de vista. A identificación non ten peso no melodrama sirkiano, no que se nos subtrae a perspectiva privilexiada dun personaxe concreto e ollamos as forzas sociais exercendo delas propia.

Somos deuses ollando cara a abaixo. Si, e iso é lixeiramente brechtiano. Ao ollarmos as forzas sociais a actuar accedemos a unha ollada crítica que podemos aplicar ás nosas vidas. Esa é unha das moitas leccións que Fassbinder tomou de Sirk. Mais *Carol* é realmente diferente e iso gústame porque non é algo que teña feito antes. Gústame como Highsmith expresa radicalmente o punto de vista da amante nesa caste de túnel do amor, cortando coa sociedade e coa cultura. Hai aí reminiscencias dos suxeitos criminais das novelas negras e ese nexo que de súpeto agroma ente o crime e o amor. E este amor é criminal en moitos sentidos ao atoparse fóra da lei e fóra da representación. Therese nun principio non ten sintaxe para ela, para definir o que lle está a pasar, non hai linguaxe que a represente.

Carol di que Therese semella ter sido guindada desde o espazo.

Absolutamente. Hai literalmente unha liña no libro: «Podería ter sido case como o amor o que ela sentiu por Carol, se non fora porque Carol era unha muller». Non había maneira de que eses termos puidesen cohabitar. Rolan Barthes fala disto dun xeito maravilloso en *El discurso amoroso*, e iso é algo sobre o que volvo a cada pouco. Cando estas

namorado podes ler cada sinal, cada xesto.

Os amantes son sempre os mellores estudantes. Exacto. Todo está aí para ser decodificado. O caso é que nunca vas obter unha resposta. Empréndese a búsqueda mais non se atopa nada. Atópaste nesa «imaxe-repertorio», como el di, no que vas de signo en signo devecendo pola verdade. Barthes di que toda persoa que busca a verdade está destinado a non atopala co cal se atopa nun perpetuo estado de lectura. E hai unha dramatización de todo elemento que é poderosamente evocada neste libro. Encántame. Eu suxiro un abismo inherente entre suxeito e obxecto. Iso é algo no que pensamos cando ollamos o filme.

Gus van Sant dixo que fai mellores filmes baixo Administracións máis hostís. Opina vostede o mesmo? Si, seguramente. Esa é unha das razóns que me levou coma cineasta por camiños que non podía sospeitar nun inicio e púxome en contacto con xente coma Gus, que fomos etiquetados como o Novo Cinema Queer. Non sinto esa etiqueta como algo pexorativo pois aquel era un momento de urxencia, dunha toma de posición necesaria que hoxe en día xa non o é tanto. Se cadra o interese comercial nos gays e lesbianas como consumidores axuda a explicar por que, en cambio, a cuestión racial segue sen resolverse. Representan un sector económico diferente que non se atopa protexido polo consumo e o modelo capitalista (...) Creo que a lóxica empresarial está a se introducir en todos os aspectos das nosas vidas, que os nosos iPhones teñen máis significado do que deberan. Sinto se soa desfasado mais coido que está a mudar a maneira en que nos relacionamos cos seres humanos pois é demasiado doado distraernos. E son tan vítima diso coma calquera. Non me gusta como está a afectar ao meu proceso creativo. Mudou a maneira en que penso e me mergullo nas cousas.

Publicado en Sight&Sound, decembro de 2015
Tradución: Xan Gómez Viñas

MATERIAIS

NA NOSA LIBRARÍA

Lírica urbana. Helen Levitt
La Fábrica, 2010

Carol. Patricia Highsmith
Anagrama, 1997

Carol. Patricia Highsmith
Bloomsbury, 2010

El discurso amoroso. Roland Barthes
Paidós, 2015

Breve encuentro. David Lean
Filmax [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org